

REUNIÓN VECIÑOS E ASOCIACIÓNS
LÉREZ
04/04/16

ASUNTO: Modificación ordenanza municipal reguladora da circulación nas vías municipais

As Asociacións da parroquia e veciños da mesma reunense coa concelleira delegada da parroquia Pilar Comesaña. O motivo da xuntanza é que necesitan información detallada da modificación da ordenanza municipal reguladora da circulación nas vías municipais, aprobada polos partidos da oposición e que se atopa en fase de exposición pública.

A nova modificación afecta a imposibilidade de instalación de novos reductores de velocidade (lombos) en vías rurais, e aos xa existentes. Os novos non se poderán colocar e os vellos terán que retirarse. Dentro de estes últimos sería moi perigoso retirar o paso de peóns da entrada do centro de saúde. Veríanse afectados todos os proxectos pendentes na parroquia como o acondicionamento da rúa da Torre, o proxecto de seguranza viaria no entorno do colexio. Proxectos moi demandados polos veciños, e que ven imprescindibles a instalación de lombos nas proximidades da casa de Cultura e no colexio.

Outra das contradicións sería que os proxectos que se están realizando nestes momentos e que si levan implícito a construcións de lombos, como o arranxo da rúa que coincide co camiño de Santiago no lugar da Gándara, terán que ser eliminados nun futuro.

Todo isto acarrea o conseguente gasto municipal e a eliminación do modelo de cidade nas parroquias que verían a seguranza viaria nas mesmas moi mermada. Os veciños ven imprescindibles a colocación de estes reductores en zonas escolares, zonas cun volumen de afluencia de persoas considerabel (centros de saúde, centros culturais, deportivos, relixiosos, etc) e con certo volumen de vivendas, xa que debido a ausencia de beirarrúas a convivencia de vehículos e peóns e inevitable, co conseguente perigo para estes últimos.

Todos os asistentes amosan o seu descontento coa nova normativa.